


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

10-11 de decembro do 2022

III DE ADVENTO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1

1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

♪ n° 38 **Que veña Deus** á nosa terra

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en parroquia a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A nosa celebración de hoxe comeza coa expresión dun desexo: “*Que veña Deus á nosa terra*”.

Estamos xa na terceira semana do tempo do Advento, tempo para prepararnos para o encontro co Deus que se fai NADAL.

Este ano está a acompañarnos este taboleiro no que amosamos que queremos dar unha man para facer o camiño que nos leva do advento ao Nadal.

É un camiñar de igrexa coa paciencia e a esperanza na chegada do Neno Xesús.

Se o pensamos ben, dámonos conta de que todo o queremos á presa e no momento, por iso necesitamos unha man de paciencia para pregoar o evanxeo.

Vivamos esta celebración como a oportunidade de desfrutar deste agasallo de Deus e da vida.

2

ACENDIDO DA COROA DO ADVENTO

Monitor/a: *A coroa do advento está sendo signo do noso agardar ao Señor. Pouco a pouco imos atopando a luz que nos alumea no camiño da espera e o encontro con Deus e cos demais.*

Alguén se achega á coroa do advento mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que veña a luz á nosa terra**”

Monitor/a: Hoxe deixámonos alumear polas persoas que transmiten e son testemuñas de alegría:

- * agradecemos a labor de quen pon un sorriso cando comparte cun veciño, cando dá unha man na parroquia, cando colabora en familia,
- * agradecemos a labor de quen pon agarimo cando colabora con organizacións que traballan polo ben de cantos se senten empobrecidos,
- * agradecemos a labor de quen non se deixa levar pola presa e o estrés, e dá exemplo de paciencia e calma.

E acéndese unha das velas da coroa, mentres se canta

CANTO 🎵 n° 38 “**Que medre a luz na nosa terra**”

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos esta primeira parte da celebración pousando nas mans de Deus as nosas preocupacións, e todo o que de bo esperamos para os vindeiros días do Nadal.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, xa ves como o teu pobo espera con fe o nacemento do teu Fillo.

Encamiña o noso corazón cara á ledicia de tan grande misterio, para que así celebremos a nosa salvación cun espírito verdadeiramente novo.

Que o teu espírito de sabedoría nos alente a recibilo preparando o Fogar do Nadal.

Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Santiago, na súa carta, convídanos a saber vivir con calma e paciencia. Un consello importante para estes nosos días tantas veces vividos a correr e coa sensación de que nos faltan horas.*

No evanxeo, Xesús quere facerlle ver a Xoán Bautista que algo está a cambiar, algo está a mellorar. Estase a facer pouco a pouco, á medida en que se vai pregoando o evanxeo.

Nós, non teremos que ter algo máis de paciencia? O evanxeo vai dar vida de repente, ou máis ben paseniño e pouco a pouco?.

No Leccionario IA páx 11 Sant 5, 7-10 LECTURA

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DO APÓSTOLO SANTIAGO

Irmáns e irmás:

Tede paciencia, irmáns, deica a volta do Señor. Reparade en como o labrego coa esperanza posta nos preciosos froitos da terra agarda con paciencia as augas temperás e as serodias. Tede tamén vós paciencia e collede folgos, porque o Señor axiña chegará. Non vos queixedes, irmáns, uns dos outros, para que non vos sentencien; mirade que o xuíz está xa á porta. No sufrimento e na paciencia, irmáns, seguid o exemplo dos profetas que faloron no nome do Señor.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor SALMO*

(en pé) No Leccio IA páx 12 Mt 11, 2-11 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Xoán, oíndo falar na cadea das obras de Cristo, mandou os seus discípulos a lle preguntar:

- Es ti o que ten que vir ou esperamos a outro?

Respondeulles Xesús:

- Ide e contádelle a Xoán o que estades oíndo e vendo: os cegos ven e os coxos andan, os leprosos fican limpos e os xordos oen, os mortos resucitan e aos pobres estáselles anunciando a Boa Nova. ¡E ditoso quen non se escandalice de min!

Non ben se foron eles, comezou Xesús a falar de Xoán á xente:

- Que fostes ver ao deserto?: unha cana abaneada polo vento?

Pois logo, que fostes ver?: un home vestido con roupas finas? Pero os que visten roupas finas están nos pazos dos reis. Pois logo, a que saístes?: a ver un profeta? Si, e abofé que moito máis ca un profeta. Este é de quen está escrito:

Olla, mando o meu mensaxeiro diante de ti, para que prepare o teu camiño.

Tede por seguro que non naceu de muller ningún meirande ca Xoán Batista, aínda que o máis pequeno no Reino dos Ceos é meirande ca el.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón.



Este taboleiro de advento, nesta terceira semana, segue a convidarnos a poñer as mans cos nosos feitos para poder facer realidade o camiño achegándonos ao NADAL.




* O que agora imos facer é descubrir que man e que camiño se espera de nós nesta terceira semana do advento. (arrincamos a man do 3º do advento e enganchámola na pinza).

É camiño ao Nadal:

TER PACIENCIA E PREGOAR O EVANXEO

(arrincamos as pegatinas do camiño que leva ao Nadal)



O evanxeo, como a semana pasada, volve a achegarnos a Xoán o Bautista. No caso de hoxe porque el ten interese en saber de Xesús. Faille preguntar se é El o Mesías ou hai que esperar a outro.

A resposta de Xesús ponnos no camiño de pregoar o evanxeo coas nosas mans. Con Xesús xa non é tempo de palabras, é tempo de feitos, é tempo de mans.

Con paciencia, pero tamén con constancia e coherencia pregoando o evanxeo. Paciencia porque vivimos nun mundo no que todo ten que ir á presa. Constancia porque non sempre as cousas nos sairán ben. Coherencia porque as rutinas e as apariencias só acaban deixando en nós baleiro.

É camiño ao Nadal:

TER PACIENCIA E PREGOAR O EVANXEO

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo que Ti, Señor, es o Deus que ven ao noso encontro, queremos vivir con calma e paciencia para pregoar o evanxeo camiño do Nadal. Dicimos:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai

que acompaña os nosos camiños na procura da dignidade para con todas as persoas por sermos á súa imaxe e semellanza?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede en Xesús Cristo,

que se achega a todos nós, que nos convida a pregoar a Boa Nova do evanxeo, e que nos alenta a vivir con calma e paciencia fronte ás presas e as carreiras?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede no Espírito Santo,

que alenta a abrir os ollos e dar unha man para facelo mellor con quen necesita ser xustamente tratado?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Crede na Igrexa,

comunidade que queremos facer nestas semanas o camiño que nos leva do advento ao Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos ao Señor, noso Deus, quen espera nel non queda defraudado, vive con paciencia, e pregoa o evanxeo. Con este desexo rezamos dicindo:*

Queremos facer evanxeo, Señor

Monitor/a

✓ Rezamos coas mulleres e homes que traballan para que haxa máis paz, máis xustiza e máis pan, e agradecemos o seu exemplo. Oremos

✓ Rezamos con todas as persoas que nos transmiten calma e paciencia neste tempo de presas. Oremos

✓ Rezamos por todas as persoas que, polo estrés, non son capaces de desfrutar os pequenos agasallos da vida. Oremos

✓ Rezamos polas nosas parroquias, para que camiñemos cara o Nadal coas mans abertas da paz. Oremos

✓ Rezamos polas persoas que se cren que o único que importa é o seu, e pechan as mans, cando o que fai falla é abrilas e mellorar. Oremos

Celebrante: *Amósanos, Pai, a túa misericordia e dános a túa salvación en Cristo, dando unha man para facer o camiño que vai do advento ao Nadal. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus está cerca, Deus está na nai que espera un fillo e está no pai que dá un colo; está na muller que espera paz e non violencia; está en quen abre a man para a caridade; está en quen non se acomoda e cambia para coidar de quen non se vale por si só. Deus está en ti, en min, en nós, e xuntos queremos dar a nosa man. Recemos confiados:*

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Esperamos a túa paz Señor para que tamén nós poidamos achegala a quen vive sen paciencia. Ser fogar acolledor na fe é selo contigo Señor, e é selo con todas as xentes. Sexámolo coa satisfacción de vivir despacio, e mellorando na paz camiño do Nadal.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa do altar é a mesa do compartir todo o que Deus nos agasalla, e é o sabernos atentos para pregoar o evanxeo facéndolle sitio ao que nos nace no Nadal. Ditosos nós por sermos invitados a compartir coma irmáns este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 Que medre a paz (ben, amor, fe, ...)

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, rogámosche que volvas para nós os teus ollos compasivos. Fai que o noso compartir de cada día nos achegue a celebrar axeitadamente as vindeiras festas do Nadal.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

A nosa celebración de advento é para vivila con calma, sen presas nin apuros.

A nosa celebración de advento é pregoar a boa nova dun Deus que se achega porque quere ter parte á nosa beira.

A nosa celebración ten que ser tamén unha man para vivir como verdadeiros cristiáns dende o noso fogar. Por iso cada quen pode levar a man de hoxe.

TER PACIENCIA E PREGOAR O EVANXEO

(Repartimos as mans para levalas para a casa)

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*



*A man que hoxe se espera de nós
para facer o camiño ao Nadal*